

PROGRAMACIÓN 2021-2022

DEPARTAMENTO

FRANCÉS

(2ª lingua estranxeira)

IES MANUEL CHAMOSO LAMAS

1. INTRODUCCIÓN

1.1 CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.1. O CENTRO

1.1.2. O ALUMNADO

1.2 O DEPARTAMENTO

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

2.1 COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

2.2 COMPETENCIAS DIXITAL, MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

2.3 COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

2.4 COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI

2.5 COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

2.6 SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

3. OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS E.S.O

3.2 OBXECTIVOS BACHARELATO

4. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

4.1 1º ESO

4.1.1 DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN.

A) bloques

B) unidades

C) temporalización

D) contenidos

4.1.2 ESTÁNDARES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN.

4.1.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.1.4 AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

4.1.5 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

4.1.6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (Modo presencial)

4.2 2º ESO

4.2.1 DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN.

A) bloques

B) unidades

C) temporalización

D) contenidos

4.2.2 ESTÁNDARES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN.

4.2.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.2.4 AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

4.2.5 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

4.2.6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (Modo presencial)

4.3 3º ESO

4.3.1 DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN.

A) bloques

B) unidades

C) temporalización

D) contenidos

4.3.2 ESTÁNDARES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN.

4.3.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.3.4 AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

4.3.5 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

4.3.6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (Modo presencial)

4.4 4º ESO

4.4.1 DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN.

A) bloques

B) unidades

C) temporalización

D) contenidos

4.4.2 ESTÁNDARES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

4.4.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.4.4 AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

4.4.5 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

4.4.6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (Modo presencial)

5. BACHARELATO

5.1 1º BACHARELATO

5.1.1 DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN.

A) bloques

B) unidades

C) temporalización

D) contenidos

5.1.2 ESTÁNDARES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.

5.1.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

5.1.4 AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

5.1.5 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

5.1.6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (Modo presencial)

5.2 2º BACHARELATO

5.2.1 DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN.

A) bloques

B) unidades

C) temporalización

D) contenidos

5.2.2 ESTÁNDARES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.

5.2.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

5.2.4 AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

5.2.5 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

5.2.6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (*Modo presencial*)

6. METODOLOGÍA, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, MATERIAIS E RECURSOS

6.1 MODALIDADE ENSINO PRESENCIAL

6.2 MODALIDADE ENSINO SEMI-PRESENCIAL

6.3 MODALIDADE ENSINO NON PRESENCIAL

7. AVALIACIÓNS

7.1 AVALIACIÓN INICIAL

7.2 AVALIACIÓN CONTÍNUA

7.3 AVALIACIÓN FINAL E AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

7.4 SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR

8.1 O PROCESO DE ENSINO

8.2 A PRÁCTICA DOCENTE

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

12. MECANISMOS DE CONTROL E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A Covid-19 trouxo asociada unha serie de dificultades para o labor diario do profesorado e do alumnado, ademais, esta pandemia provocou e continua a provocar unha modificación na organización, na dinámica e no funcionamento do centro que ten que adoptar, de novo, unha serie de medidas que poden cambiar ó longo do curso en función da posta en práctica das mesmas, da evolución da pandemia ou das novas directrices da Consellería.

Esta transformación no só alcanza ó tipo de modalidades de ensino que poderemos desenvolver (*Ver Apto. Metodoloxías), senón tamén á continuación de certos requisitos na volta ás aulas: adaptación no horario lectivo, mantemento dunha distancia en todo momento, restricións de mobilidade, desaparición de aulas específicas (laboratorios, idiomas, plástica, música,...), ausencia de certas actividades extra escolares e complementarias, inxenuidade no momento de realizar certas tarefas dentro das medidas esixidas (exposicións con carteis colgados para evitar o contacto, celebracións de certas datas distribuindo os horarios para permitir a participación de toda a comunidade,...). Todo elo provocou un cambio nesa asistencia ó centro, pois, a socialización foi e seguirá sendo parcial, de súpeto pode dársenos a ocasión de alumnado confinado, ou do propio docente. A pandemia en educación é sinónimo de incerteza pero tamén de oportunidade. Por iso nesta programación inténtase reflectir qué aspectos de mellora de ensino queremos levar ó curso 2021/22 e para elo fixéronse:

- metodoloxía de traballo empregada (presencial, semi-presencial, ensino mixto, online)
- ferramentas, materiais e recursos actuais e adaptados a tódalas modalidades de ensino así coma as distintas necesidades por parte do alumnado.

A pesar de todo isto, as linguas seguen a ser un instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento.

A formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no

ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

1.1.Contextualización

1.1.1. O centro

O IES M.Chamoso Lamas, do Carballiño está situado a 400 m de altitude ó lado do río Arenteiro, nunha meseta situada ó pé dun gran arco montañoso que describen a serras do Testeiro e Faro ao Norte. Cara o Sur esténdese ata os rebordos dos ríos Avia e Barbantiño, e na parte

meridional o Miño. Ao tratarse de cursos de auga que transcorren encaixados, actúan como límites entre as terras altas de Carballiño e as terras baixas dos vales do Ribeiro.

Dende o punto de vista funcional, o Carballiño segue sendo o centro aglutinador e organizador da comarca circundante de carácter rural. É unha das vilas máis activas e con alto grao de dotación local que inclúe servizos administrativos, comerciais e económicos en xerais. Tódolos concellos dependen directamente do Carballiño e na escala seguinte vincúlanse coa capital.

A poboación da Comarca de O Carballiño é de arredor duns 32.000 habitantes, comprende unha superficie total de 548 Km² e está formada por nove municipios: Beariz, Boborás, O Carballiño, Cea, O Irixo, Maside, Piñor de Cea, Punxín e San Amaro.

O Centro I.E.S. Manuel Chamoso Lamas, é un antigo centro de FP convertido a I.E.S. e situado ás aforas do Carballiño, no lugar de Mesego, antiga Estrada de Pontevedra. Foi inaugurado como centro de FP no ano 1979 con ramas de ensinanza de Automoción, Electricidade e Administrativo e reconvertido a I.E.S. no ano 1997/98, sufrindo unhas profundas modificacións como consecuencia da implantación da reforma educativa (engádeselle un terceiro edificio).

Na actualidade, no centro pódense distinguir tres edificios que están comunicados por un amplo corredor no que os alumnos se recrean no caso de que as condicións climatolóxicas non sexan favorables, neste mesmo corredor tamén hai unha porta que comunica co patio exterior e co pavillón de deportes.

A oferta educativa do IES é a seguinte:

- **ESO**
- **Bacharelatos** (Humanístico e C.Sociais e Ciencias e Tecnoloxía)
- **Formación Profesional Básica** (Instalacións Electrotécnicas e de Telecomunicacións)
- **Ciclos de Grao Medio:**
 - o de Xestión Administrativa
 - o de Electromecánica de Vehículos Automóbiles
 - o de Electromecánica de Maquinaria
 - o de Instalacións Eléctricas Automáticas
 - o de Soldadura e Caldeiraría

- **Ciclos de Grao Superior:**
 - o de Administración e Finanzas
 - o de Automatización e Robótica Industrial
- **ESA** (ESO para adultos)
- **Bacharelato** (Semipresencial para adultos)
- **EOI** (Inglés: A1, A2, B1, B2, C1)

Destacar que o centro participa en varias experiencias educativas como: Plan Proxecta, Plan de Convivencia, Programa de mediación escolar, Proxecto Abalar, Proxecto CarbaEuropa (Erasmus) e Bibliotecas Escolares.

No IES atopamos **uns 20 departamentos** e a maiores existe un **Equipo de Dinamización das TIC** (primordial nestes intres), da **Lingua Galega** e da **Biblioteca** que conta ademais cun blog (<http://biblioteca-tobias.blogspot.com/>), unha conta en Instagram (@tobiasbibliochamoso) e un correo electrónico (tobiasbiblioteca@gmail.com)

Tamén existen outros blogs no centro:

- **de Adultos:**
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschamosolamas/taxonomy/term/101>
- **de Economía:**
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschamosolamas/taxonomy/term/82>
- **de FP Dual:**
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschamosolamas/taxonomy/term/105>
- **de PDC:**
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschamosolamas/taxonomy/term/99>

O centro posúe unha páxina web e un aula virtual oficiais:

-**WEB:**<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieschamosolamas/>

-**AULA VIRTUAL:**<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieschamosolamas/aulavirtual/>

(ferramenta fundamental para actualizar e reforzar contidos, así como para traballar en caso de ensino semipresencial (confinamento parcial,...) ou e-learning (confinamento total) .

Estes dous medios ademais, permiten informar, comunicar e contactar co alumnado e familias, así como o **Abalar, correo electrónico**, etc.

En canto as actividades complementarias e extra escolares que, antes da pandemia, levábanse a cabo na tarde dos mércores, dicir que seguen anuladas, pois á situación do COVID segue a provocar un cambio no horario do centro precisando desa tarde para poder desenvolver as clases seguindo o protocolo.

Hai que nomear a existencia dunha Estación Meteorolóxica e da colaboración do centro co Cine Clube Carballiño.

Non esquecer que o IES posúe un servizo de transporte escolar e un servizo de comedor (servizo de catering) que dende o derradeiro ano modificou as súas quendas para adaptarse ás normas esixidas pola COVID, feito que provocou cambios no horario lectivo.

1.1.2. O alumnado

A maioría do alumnado que acode ao noso instituto provén de centros adscritos, como son: C.E.I.P. de Beariz, C.E.I.P. do Irixo, C.E.I.P. de Boborás e C.E.I.P. Plurilingüe Calvo Sotelo de O Carballiño. Deste último está adscrito o alumnado que por domicilio están a mais de 2 Km do IES e demandan o uso do comedor e transporte escolar gratuíto. A parte dos que proveñen dos centros adscritos, outros alumnos proveñen de zonas educativas como Avión, Maside, San Amaro e Piñor de Cea.

O noso alumnado entende o galego e o castelán, e o que provén do rural é o que soe empregar o galego para comunicarse tanto na contorna social, familiar como escolar. Nos últimos anos estase incorporando unha gran cantidade de alumnado inmigrante e tamén algún retornado da inmigración.

Sinalar que a convivencia non se considera como mera aplicación de medidas disciplinarias, senón coma un fin educativo a traballar, tratando de acadar un clima participativo e democrático, fomentando entre o alumnado a participación na elaboración das normas de aula, a participación democrática na elección de delegado, nas xuntas de delegados, no consello escolar...

A maioría dos alumnos que se atopan escolarizados no centro teñen a intención de obter o título e mellorar a súa formación xa que saben que isto lles abrirá máis portas no mercado laboral. Algúns deles teñen intención de facer algún dos ciclos que se ofertan no centro ou Bacharelato que lle permita acceder á Universidade ou mesmo a Ciclos Superiores.

1.2.O Departamento

O Departamento de Francés no curso 2021/22, está composto por dous membros:

- **Hortensia Nores Barreiro**, que imparte esta materia a 2º, 3º, 4º da ESO, 1º e 2º de BACHARELATO, exerce as funcións de Xefa de Departamento e de Coordinadora do Equipo de Dinamización da Biblioteca.
- **Patricia Rozados Carballude**, profesora de Lingua Castelá e Literatura e con afin francés, que imparte en 1º da ESO; ademais é titora dun grupo de 4º da ESO e tamén completa o seu horario coa materia de Lingua e Literatura castelá.

A carga lectiva do departamento é a seguinte:

1º ESO: dous grupos con 2 horas semanais cada grupo (4 horas)

2º ESO: dous grupos con 2 horas semanais cada grupo (4 horas)

3º ESO (optativa): 1 grupo con dúas horas semanais (2 horas)

4º ESO (optativa): 1 grupo con 3 horas semanais (3 horas)

1º BAC. (optativa): 1 grupo con 2 horas semanais (2 horas)

2º BAC. (optativa): 1 grupo con 3 horas semanais (3 horas)

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia “Segunda Lingua Estranxeira : Francés” xoga un papel relevante para que o alumnado adquira as competencias clave :

2.1 Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ó desenvolvemento de esta competencia básica no mesmo senso que o fai a primeira lingua. Agora ben, o achegamento da lingua estranxeira ó desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ó adquirir as habilidades de escoitar e conversar, unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, mellora a competencia comunicativa xeral ó desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe axeitada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discursos en contextos e con función diversas. Por outra banda, o recoñecemento e a aprendizaxe progresiva de regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

2.2 Competencias Dixital, Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CD) (CMCT)

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que medra cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira fai mais doado o acceso á información que se pode atopar nesta lingua, o tempo que ofrece a posibilidade de comunicarnos. Ademais, fai mais doada a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con adolescentes doutros lugares e, o que é mais importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Así mesmo, na medida na que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e o seu uso cotiá contribúe directamente ó desenvolvemento desta competencia.

Asemade, estas ferramentas técnicas relacionadas coa selección, tratamento, organización, representación gráfica ou comunicación de

información, adquire un especial valor engadido cando se coñecen varias linguas estranxeiras, xa que unha parte substancial da información está en idiomas distintos do castelán. Neste senso, a aprendizaxe doutras linguas axuda á adquisición de todo tipo de coñecementos, incluíndo aqueles que constitúen o marco ideal para o desenvolvemento da **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**.

2.3 Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

O Francés como segunda lingua estranxeira é un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. As linguas serven ós habitantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nación. Pero tamén, en gran medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Por outra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e parellas e a través destas interaccións apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos outros, desenvólvese a habilidade para crear diálogos, negociar significados, tomar decisión valorando os achegamentos dos compañeiros, acadar acordos e, en definitiva, favorécese aprender de e con os demais.

2.4 Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CEC)

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala, e polo tanto, contribúe a adquirir a competencia artística e cultural ó propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Igualmente, o área contribúe ó desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinión, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, coma a realización e representacións de simulacións e narracións. En definitiva, transmitir na lingua estranxeira o coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partires de manifestacións artísticas, contribuirá ó desenvolvemento desta competencia.

2.5 Competencia para Aprender a Aprender (CAA)

A partires da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe pois, de xeito esencial, ó desenvolvemento da competencia para aprender a aprender xa que acrecenta a capacidade lingüística xeral, conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade dos alumnos para interpretar ou representar a realidade e crear coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Por outra banda, á competencia para aprender a aprender sácaselle un enorme rendemento se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno poida identificar cómo aprender mellor e qué estratexias os fan mais eficaces. Esta é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a propia aprendizaxe que xa se iniciou na Educación Primaria pero que debe adquirir nesta etapa un maior grao de sintetización. O desenvolvemento de estratexias diversas para aprender a aprender prepara ó alumnado de xeito progresivo á toma de decisión que favorecen a autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a lingua estranxeira ó longo da vida.

2.6 Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (SIEE)

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da autonomía e iniciativa persoal, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poner en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisión na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

3. OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos da ESO

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para

aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras

linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2 Obxectivos do Bacharelato

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sostibilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (E.S.O)

4.1 1ºESO

4.1.1DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

A) BLOQUE DO CURRÍCULO	CORRESPONDENCIA NO LIBRO DE TEXTO (en tódalas unidades)
Comprensión de textos orais	Bloque 1 : escoitar e comprender.
Produción de textos orais : expresión e interacción	Bloque 2: Pronunciar, falar e conversar.
Comprensión de textos escritos	Bloque 3 : Ler e comprender.
Produción de textos escritos : expresión e interacción	Bloque 4: completar, escribir e producir textos.
Aspectos socioculturais e sociolingüísticos	Bloque 5 : Aspectos socio-culturais e consciencia intercultural e plurilingüe

B) UNIDADES DIDÁCTICAS	C) TEMPORALIZACIÓN 61sésions
Unidade 0: Bienvenue! (6 sésions)	1º TRIMESTRE (24 sésions)
Unidade 1 : Copains, copines (8sésions)	
Unidade 2 : Le temps des loisirs (10 sésions)	
Unidade 3: À la mode! (6 sésions)	2º TRIMESTRE (20 sésions)
Unidade 4: Vive le sport ! (8 sésions)	
Unidade 5 : En ville (6 sésions)	
Unidade 6: Une super journée! (9 sésions)	3º TRIMESTRE (17 sésions)
Unidade 7: Bon voyage! (8 sésions)	

D) CONTIDOS SINTÁCTICOS- DISCURSIVOS

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>mais</i>); causa (<i>parce que</i>);finalidade (<i>pour</i>); comparación (<i>plus,moins</i>); explicativas (<i>parce que</i>). 	<ul style="list-style-type: none"> . Tódalas unidades (<i>et, ou, mais</i>) . Unidade 2, 3, 4, 5, 6, 7 (<i>parce que</i>) . Unidades 3, 4, 5, 6, 7 (<i>finalidade et comparaison</i>)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relacións temporais (<i>avant, après</i>). 	Unidades 5, 6, 7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exclamación (<i>Oh là là! On y va!</i>) ; interxección (<i>oui!, non! Zut!</i>) 	. Tódalas unidades

▪ Negación (<i>ne/n'...pas</i>).	. Unidades 2, 3, 4, 5, 6, 7
▪ Interrogación (<i>qui est-ce ?</i> , <i>qu'est-ce que c'est ?</i> , <i>quoi</i> , <i>quand</i> , <i>comment</i> , <i>pourquoi</i> , <i>où</i> ; <i>réponses</i> (p. ex. <i>oui, non</i>); <i>est-ce que?</i> ; <i>adjectif interrogatif</i> (p. ex. <i>quel est ton sport préféré?</i>).	. Unidades 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 (<i>qui est-ce.. qu'est-ce..., comment</i>) . Unidades 2, 3, 4, 5, 6, 7 (<i>d'autres questions</i>)
▪ Expresión do tempo: presente; futuro (<i>présent</i> , <i>futur proche</i>); <i>impératif</i> .	. Tódalas unidades (<i>présent</i>). Unidades 6, 7 (<i>futur proche et impératif</i>)
▪ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (<i>présent</i>).	. Tódalas unidades
▪ Expresión da modalidade: factualidade (<i>phrases déclaratives</i>); capacidade (<i>pouvoir</i>); necesidade (<i>il faut+infinitif</i>); obriga/prohibición (<i>il faut</i> , imperativo); permiso (<i>pouvoir : est-ce que je peux... ?</i>); intención/deseo (<i>vouloir</i>); cortesia (<i>distinction tu/ vous</i>).	. Unidades 4, 5, 6, 7 . Tódalas unidades (<i>tu/ vous</i>)

<p>▪ Expresión da existencia (presentativos, <i>c'est, ce sont</i>); da entidade (p. ex. <i>articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques</i>); os presentativos (ex. <i>c'est, voilà, il est</i>); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. <i>il y a, il n'y a pas</i>); a cualidade (xénero en número dos adxectivos regulares).</p>	<p>. Unidade 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 (il y a) . Unidades 3, 4, 5, 6, 7 (adjectifs) . Unidade 4, 5, 6, 7 (possessifs)</p>
<p>▪ Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; <i>articles partitifs</i>). Adverbios de cantidade e medidas (<i>un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo, un tube</i>)</p>	<p>Unidades 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 (plurais, números cardinais) Unidades 4, 5, 6, 7</p>
<p>▪ Expresión do espazo (<i>prépositions et adverbies de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction</i>; <i>distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à + ville)</i>).</p>	<p>. Unidades 5, 6, 7</p>
<p>▪ Expresión do tempo: puntual (<i>l'heure, moments du jour (le matin, le soir)</i>); indicacións de tempo (<i>aujourd'hui</i>); duración (<i>de... à</i>); secuenciación (<i>à partir de + heure</i>); frecuencia (<i>d'habitude</i>).</p>	<p>. Unidades 6, 7</p>
<p>▪ Expresión do modo (<i>à / en + medios de transporte</i>).</p>	<p>. Unidades 5, 6, 7</p>

1º E.S.O	4.1.2 ESTÁNDARES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN		4.1.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	SLEB 1.1	- Comprende preguntas básicas, persoais (nome, idade, dirección), moi sinxelas.	<ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática na aula (elaboración de listas de control da ausencia ou presenza de determinadas condutas e accións) - Probas orais ó remate de cada unidade
	SLEB 1.2	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende consignas básicas de aula (ouvrez/fermez le livre, tournez la page, écrivez, faites l'exercice...) - Comprende frases e expresións habituais relacionadas con certos temas: o material do cole e horarios, roupa e cores, números e datas, o deporte e o corpo, as actividades cotiás, a familia, a cidade, os medios de transporte e os países. 	
	SLEB 1.3	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica e asocia un texto oral cunha imaxe(saúdos, nomes, material escolar) - Identifica o contexto nun breve diálogo - Identifica os datos persoais e gustos de personaxes - Comprende o sentido global de textos orais breves relativos ás descrições, actividades de ocio e cotiás, itinerarios, a familia, viaxes, procedentes de medios audiovisuais ou internet 	
	SLEB 1.4	- Comprende a información esencial dunha conversa breve na que participa , sobre un lugar, unha persoa ou o tempo libre.	
BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	SLEB 2.1	<ul style="list-style-type: none"> - Amona unha actitude positiva cara a lingua estranxeira e esforzase por empregala no aula - Pronuncia, aínda con erros, o léxico correspondente á unidade 	<ul style="list-style-type: none"> - Observación sistemática no aula (elaboración de listas de control da ausencia ou presenza de determinadas condutas e accións) -Exposicións orais no aula - Exames orais ó remate de cada
	SLEB 2.2	- Fai e responde preguntas sinxelas sobre aspectos persoais e actividades cotiás e de ocio.	
	SLEB 2.3	- Pide e da a hora, a data ou informa sobre lugares, cantidades e actividades propias da súa idade.	
	SLEB 2.4	<ul style="list-style-type: none"> - Participa nunha conversa básica : saúdo – presentación – despedida - Participa e faise entender en conversas informais cara a cara sobre os seus gustos (roupa, deporte, ...) e fai invitacións. - Pide e formula itinerarios básicos. 	
	SLEB 2.5	<ul style="list-style-type: none"> - Preséntase e expón oralmente temas básicos: o que leva posto, o que leva na mochila, o día da semana - Describe e fala dos seus gustos, da súa xornada cotiá, da súa familia,... 	

		- Solicita e da información, colaborando co seu interlocutor, mediante preguntas directas e sinxelas	unidade
BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	SLEB 3.1	- Lee e comprende textos relativos a actividades e temas cotiáns (aspecto físico, roupa, cores, gustos, familia, viaxes, medios de transporte, festas,...).	- Control sistemático do traballo do alumno na aula e na casa (caderno de exercicios, fichas entregadas polo profesor) - Probas escritas ó remate de cada unidade
	SLEB 3.2	- Comprende as instrucións dos exercicios, obrigas e prohibicións coa axuda do profesor ou visual.	
	SLEB 3.3	- Lee e comprende textos sinxelos relativos a gustos persoais, actividades de ocio, roupa que lle gusta, deportes que practica, lugares onde vai,... é dicir, información básica.	
	SLEB 3.4	- Localiza e comprende información específica en textos sobre a roupa, lugares, deportes, actividades cotiáns e de ocio (horarios, datas, prezos,..) en calquera soporte.	
BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	SLEB 4.1	- Escribe correctamente o vocabulario correspondente á unidade - Expón por escrito a partir de modelos o que lle gusta, non lle gusta, escribe sobre si mesmo e as súas actividades. - Escribe textos sinxelos sobre a familia, as actividades cotiáns, os itinerarios e viaxes, empregando expresións e enunciados traballados previamente.	- Control sistemático do traballo do alumno na casa (Caderno de clase, caderno de exercicios, fichas entregadas polo profesor) - Probas escritas ó remate de cada unidade
	SLEB 4.2	- Completa un cuestionario con información básica (nome, idade, enderezo, gustos,...)	
	SLEB 4.3	- Escribe notas breves en soporte dixital e en calquera soporte (felicitacións, invitacións,...).	
	SLEB 4.4	- Escribe correspondencia moi breve e sinxela a partir dun modelo e cunha presentación adecuada.	
CONSC A E IENCIA AINTER	SLEB 5.1	- Identifica e deletrea as letras do alfabeto, produce certos sons e fonemas básicos, trazos fonéticos (nasalización,...), iniciase no ritmo, acentúa palabras e entoa frases.	- Observación sistemática do alumno na aula

	SLEB 5.2	- Escolle o rexistro correcto (tu/vous). - Amosa respecto polas diferenzas en aspectos culturais (hábitos, horarios,...).	
	SLEB 5.5	- Participa en proxectos que empregan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; valora as competencias de ser plurilingüe. aula.	
	SLEB 5.4	- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa.	

4.1.4 AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

BLOQUES E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
B.1 B.2 B.3 B.4 B.5	C. LINGÜÍSTICA	Probas escritas e orais (exames, fichas, exercicios ...) Observación sistemática (control) na aula (intervencións orais, preguntas ...) Probas de lectura comprensiva, conversas, audicións,... Exposicións orais Control sistemático (rexistro) de tarefas (casa, aula ...) Control do caderno
	C. MATEMÁTICA	
B.1: 1.1/1.3/1.4 B.2: 2.1/2.2/2.3 B.3: 3.1/3.4 B.4. B.5: 5.1/5.2/5.4/5.5	C. DIXITAL	Observación sistemática na aula (uso ordenadores e encerado) Creación de contidos (presentacións dixitais de proxectos, traballos escritos ... individuais ou en grupo) Busca de información, procesamento e uso
B.1 B.2	C. APRENDER A APRENDER	Observación sistemática do alumno (progresión e evolución, utilización aprendizaxes anteriores ...) Control e rexistro das tarefas

B.3 B.4 B.5		Control do caderno (corrección erros, apuntes, esquemas, borradores)
		Proxectos individuais ou en grupo
		Probas escritas e orais
	C. SOCIAIS E CÍVICAS	Observación sistemática no aula (actitude tolerante e respectuosa, cooperación, expresión diferentes puntos de vista ...)
		Proxectos en grupo (debates, conversas, presentación, traballos escritos)
		Probas escritas e orais
	SENTIDO DA INICIATIVA E ESPIRITO EMPREENDEDOR	Observación sistemática do alumno (independencia, autonomía, auto coñecemento ...)
		Control e rexistro das tarefas
		Control do caderno
		Auto avaliacións individuais e dos compañeiros
B.1 B.2 B.3 B.4 B.5	COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS	Observación sistemática do alumno (liberdade expresión, diversidade cultural, ...)
		Traballos (presentación, exposicións ...)
		Control caderno (sentido estético)

4.1.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Terán que ser coñecidos polo alumnado, xa que deste xeito mellora todo o proceso de ensino - aprendizaxe. Se un alumno sabe qué e cómo se lle vai cualificar, poderá facer o esforzo necesario na dirección axeitada para acadar os obxectivos propostos.

→EN CADA TRIMESTRE, a cualificación global da materia será o resultado da suma de tódolos instrumentos de avaliación establecidos:

- (80% da nota final) nota media das PROBAS OBXECTIVAS (ORAIS e ESCRITAS) que se farán ó final de cada unidade e que avaliarán a comprensión oral e escrita e a produción oral e escrita por igual:

- Comprensión oral 20%
- Comprensión escrita 20%
- Produción oral 20%
- Produción escrita 20%

B.1 B.2 B.3:3.1/3.2/3.4/3.5/3.7 B.4 : 4.2/4.3 B.5: 5.1/5.2/5.3/5.5	C. APRENDER A APRENDER	Observación sistemática do alumno (progresión e evolución, utilización aprendizaxes anteriores ...)
		Control e rexistro das tarefas
		Proxectos individuais ou en grupo
		Probas escritas e orais

B.1 / B.2 B.3:3.1/3.2/3.4/3.7 B.4 : 4.1/4.4/4.5 B.5 : 5.2/5.3/5.4/5.5	C. SOCIAIS E CÍVICAS	Observación sistemática no aula (actitude tolerante e respectuosa, cooperación, diferentes puntos de vista ...) Proxectos en grupo (debates, conversas, presentación, traballos escritos)
	S.I.E. EMPRENDEDOR	
B.1 / B.2 B.3:3.1/3.2/3.4/3.6 B.4 : 4.4 B.5 : 5.1/5.2/5.3/5.4	COMPETENCIA I EXPRESIÓN CULTURAL	Observación sistemática do alumno (liberdade expresión, diversidade cultural ...) Traballos (presentación, exposicións ...)

5.2.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Terán que ser coñecidos polo alumnado, xa que deste xeito mellora todo o proceso de ensino - aprendizaxe. Se un alumno sabe qué e cómo se lle vai cualificar, poderá facer o esforzo necesario na dirección axeitada para acadar os obxectivos propostos.

→ **EN CADA TRIMESTRE** a cualificación global da materia será o resultado da suma de tódolos instrumentos de avaliación establecidos:

- (80% da nota final)

NOTA MEDIA DAS PRBAS OBXECTIVAS (ORAIS e ESCRITAS) que se farán ó final de cada unidade e que avaliarán a comprensión oral e escrita e a produción oral e escrita por igual:

- Comprensión oral 20%
- Comprensión escrita 20%
- Produción oral 20%
- Produción escrita 20%

- (20% da nota final)

SEGUIMIENTO CONTÍNUO E SISTEMÁTICO DO TRABALLO DO ALUMNADO, a través dun rexistro diario que recollerá :

- A realización e posterior corrección das tarefas / traballo na casa
- A realización e posterior corrección das tarefas / traballo na aula

OBSERVACIÓN DIRECTA na aula - SEGUIMIENTO E CONTROL a través dun rexistro diario que recollerá:

- A actitude e a motivación do alumnado.
 - O esforzo e a participación
 - A responsabilidade á hora de aportar os materiais solicitados para traballo.
 - O comportamento e o respecto a todo o que engloba o centro educativo (compañeiros, docentes e non docentes, material, aulas, equipamento, etc...).

→ **A CUALIFICACIÓN FINAL** da materia **SERÁ IGUAL OU SUPERIOR Á DO 3º TRIMESTRE**, pois, dependerá da valoración e do progreso global do alumnado , no marco do proceso de **AVALIACIÓN CONTINUA** levado a cabo., o que quere dicir que:

NON SE FARÁ MEDIA DA NOTA DAS AVALIACIÓNS xa que se trata de avaliar unha lingua ó longo de todo o curso, valorando e desenvolvendo o proceso de ensino-aprendizaxe.

- O alumnado que non supere a materia na avaliación final, poderá presentarse á **PROBA EXTRAORDINARIA** que o centro organizará durante o **MES DE XUÑO** e que terá un peso do 100% axustándose ós contidos traballados durante o curso e avaliando as catro competencias:

- Comprensión oral (25%)
- Comprensión escrita (25%)
- Producción oral (25%)
- Producción escrita (25%)

Se algún alumno faltara a unha proba, exame,... para a repetición da mesma, quedará a criterio do profesor que imparta a materia, que, pode esixir a documentación que argumente a súa falta (certificados de asistencia médica, ..) para a súa xustificación tal e como se establece nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

5.2.6 MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS (Modo presencial)

- **Libro de texto. : 2º BAC GÉNÉRATION LYCÉE 2, Ed. SANTILLANA**

É indispensable que o alumnado dispoña do libro de texto. Debe asistir a clase con el e dispoñer del na súa casa para o estudo e a realización das tarefas que, a partires do libro, se propoñan.

- **Materiais de reforzo, repaso ou ampliación:** aquel aportado polo docente (fichas de exercicios tanto gramaticais coma de vocabulario,..., documentos, revistas, xornais,... audicións, lecturas, ditados, filmes, cancións,...)todo elo presentado en distintos soportes (fotocopias, internet,).
- **Materiais de investigación e consulta:** utilizaranse os existentes no Centro, recursos técnicos: os profesores que o estimen oportuno e cando o estimen utilizarán a biblioteca do centro (libros de lectura, dicionarios, enciclopedias, xornais, revistas, ...), a aula de informática, de idiomas, reprodutores de vídeo e audicións, encerados dixitais, ..., na medida do posible e respectando o protocolo da COVID.

6. METODOLOXÍA, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, MATERIAIS E RECURSOS

A situación de pandemia que seguimos a vivir neste curso 2021-22, provocou un cambio na Educación que xa se ven manifestando dende o confinamento e o curso pasado. De aí que nas actuais programacións xa se estableceu como algo indispensable o feito de especificar os distintos tipos de metodoloxía e instrumentos de avaliación segundo os diferentes modos de ensino – aprendizaxe.

6.1 MODO PRESENCIAL

- METODOLOXÍA

Cando tódolos alumnos están presentes na aula; aínda que esta presenza vese afectada por:

- Uso de máscaras que delimita o son e o volume á hora de pronunciar, tanto pola parte do docente coma do alumnado; tamén afecta á visión de observar a colocación dos beizos na produción oral.
- Cambios, por parte do alumnado, en situacións de “jouer le rôle”: aínda que se pode xesticular xa non está permitido representar nin levantarse das cadeiras (salvo para saír ó encerado).
- Novidades do traballo en grupo ou por parellas dentro da aula, xa que se trataría de algo máis aberto (razoamentos, conclusións a viva voz,..) e perderíase esa simultaneidade.

Unha lingua é un instrumento de comunicación que permite ós seus falantes entrar en relación uns cos outros. O aprendizaxe dunha lingua estranxeira non pode acadarse sen o aprendizaxe de dita comunicación. O obxectivo último é, polo tanto, conducir ó alumnado cara a adquisición dunha certa competencia comunicativa en francés.

Tentamos consolidar os coñecementos adquiridos e promover a comunicación real pedindo ó alumnado que comece a reflexionar sobre os aspectos común ou diverxentes entre os tres sistemas lingüísticos: francés, castelán e galego.

O punto de partida no noso traballo en clase é o nivel do alumnado. Ó principio partimos de prácticas sinxelas pero despois estimulamos á reflexión individual e colectiva sobre o sistema da lingua, a capacidade de análise e de síntese.

Tentamos acadar unha **COMPETENCIA COMUNICATIVA** na aula que integra catro subcompetencias :

- A **competencia lingüística** permite utilizar eficazmente a lingua para comunicarse e comprender o vocabulario, os elementos lingüísticos e o seu funcionamento, a pronuncia e a ortografía.
- A **competencia pragmática** permite interpretar e producir enunciados en relación cunha intención comunicativa determinada.
- A **competencia estratéxica** permite compensar as lagoas lingüísticas que poidan aparecer durante o intercambio comunicativo.
- A **competencia sociocultural** permite comprender as referencias culturais das que toda lingua é portadora.

Para que todo o achegamento metodolóxico sexa eficaz é fundamental que o alumnado traballe de forma responsable a diario, que estea motivado para aprender e que participe da dinámica de clase.

As estratexias metodolóxicas empregadas consistirán en:

- Asegurar a relación das actividades de ensino e aprendizaxe coa vida real do alumnado partindo, sempre que sexa posible, das experiencias que posúe.
- Diseñar actividades de ensino e aprendizaxe que permitan ao alumnado establecer relacións substantivas entre os coñecementos e experiencias previas e os novos aprendizaxes, facilitando de este xeito a construción de aprendizaxes significativos.
- Organizar os contidos en torno a eixes que permitan abordar os problemas, as situacións e os acontecementos dentro de un contexto e na súa globalidade
- Favorecer a interacción alumnado - profesorado e alumnado - alumnado, para que se produza a construción de aprendizaxes significativos e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social.
- Potenciar o interese espontáneo do alumnado no coñecemento dos códigos convencionais e instrumentos de cultura. Pero sabendo que as dificultades que estes aprendizaxes comportan poden desmotivalos, é necesario prevelas e graduar as actividades para levar a cabo ditos aprendizaxes.

- Ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada rapaz ou rapaza concretos para adaptar os métodos e os recursos ás diferentes situacións, e ir comprobando en qué medida se van incorporando os aprendizaxes realizados e aplicándoos ás novas propostas de traballo e a situacións da vida cotiá.
- Proporcionar continuamente información ó alumnado sobre o momento do proceso de aprendizaxe en que se atopa, clarificando os obxectivos por acadar, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades por superar, e propiciando a construción de estratexias de aprendizaxe motivadoras.
- Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación de puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación.
- Diseñar actividades (respectando o protocolo da COVID) para acadar a plena adquisición e consolidación de contidos tendo en conta que moitos deles non se adquiren unicamente a través das actividades desenvolvidas no contexto da aula, pero que o funcionamento da escola como organización social si pode facilitar: participación, respecto, cooperación, solidariedade, tolerancia, liberdade, responsable.

MODALIDADE DE AGRUPAMENTO	NECESIDADES QUE CUBRE
Traballo individualizado	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de reflexión persoal. - Actividades de control e avaliación
Pequeno grupo (apoio).	<ul style="list-style-type: none"> - Reforzo para alumnado con ritmo máis lento. - Ampliación para alumnado con ritmo máis rápido. - Traballos específicos.

Agrupamento flexible.	- Resposta puntual a diferenzas en: <ul style="list-style-type: none"> ○ Nivel de coñecementos. ○ Ritmo de aprendizaxe. ○ Intereses e motivacións.
Obradoiros.	- Resposta a diferenzas en intereses e motivacións, en función da natureza das actividades.

- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Aparecen recollidos nos seguinte apartados de cada curso:

- 4.1.3 Instrumentos de Avaliación 1º ESO
- 4.2.3 “ “ “ 2º ESO
- 4.3.3 “ “ “ 3º ESO
- 4.4.3 “ “ “ 4º ESO
- 4.5.3 “ “ “ 1º BAC
- 4.6.3 “ “ “ 2º BAC

- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁDICOS (Modo presencial)

Aparecen recollidos nos seguintes apartados de cada curso:

- 4.1.6 Materiais e Recursos 1º ESO
- 4.2.6 “ “ “ 2º ESO
- 4.3.6 “ “ “ 3º ESO
- 4.4.6 “ “ “ 4º ESO
- 4.5.6 “ “ “ 1º BAC
- 4.6.6 “ “ “ 2º BAC

6.2 MODO SEMI – PRESENCIAL

O modo semi – presencial, é un tipo de ensino que combina tanto a parte presencial como a distancia, é dicir, que podemos facer explicacións e exercicios “in situ” e outras tarefas empregando medios telemáticos (aula virtual, correo, webex,...) ou mesmo ó revés, que os alumnos reciban a parte teórica de maneira online e logo realizar as tarefas en persoa.

Este tipo de metodoloxía estase a implantar cada vez máis, pois somos conscientes da situación na que vivimos e sabemos que en calquera momento o noso alumnado pode pasar de estar na aula a estar confinado, por iso, manter ese aspecto dixital, permítenos estar ó día neste tipo de ensino tanto ó alumnado coma ó profesorado e non volver a vivir esa brecha dixital que xurdiu no confinamento.

Para deixar constancia da metodoloxía, instrumentos e recursos é imprescindible ler o apartado de MODO NON PRESENCIAL.

6.3 MODO NON PRESENCIAL (E-LEARNING)

- METODOLOXÍA

No ensino a distancia algúns elementos do presencial desaparecen e outros cobran un novo liderado:

- **SOCIALIZACIÓN:** ou non existe, ou ben é mediada a través dun dispositivo (xa non hai tempo de lecer no patio, non nos vemos no centro, nin á entrada nin á saída, non se comparte material,...)
- **PRESENZ:** tamén queda mediada pois o noso corpo, a nosa voz e a nosa mirada “in situ” deixa paso ó recurso da imaxe, da palabra escrita ou gravada.
- **TEMPO:** definido polo horario escolar en modo presencial pasa a estar marcado polo horario familiar.
- **MATERIAIS E RECURSOS:** o docente deixa de ser o “centro do show” e os materiais e recursos pasan a ser os “eixes da aprendizaxe” e non apoio complementario.
- **FEEDBACK:** deixa de ser inmediato.

Para abordar a brecha dixital leváronse a cabo varias accións:

- sistemas de préstamo de dispositivos para asegurar que todos dispoñen de recursos informáticos e de conectividade
- acceso ás distintas ferramentas e recursos: Aula Virtual do centro, plataforma Cisco Webex,...
- acompañamento das familias mediante titorías online, abalar ou por teléfono
- no curso anterior xa se incorporaron unha actuación de instrucións e coñecemento das TIC: acceso a Aula Virtual, saber entrar (usuario e contrasinal), saber facer e enviar tarefas, creación dun correo electrónico así coma do seu uso,...

O e-learning esixe unha gran coordinación horizontal no centro e unha nova maneira de xestionar o tempo por parte do profesorado, tanto á hora de preparar as clases, como de deseñar as propias tarefas do alumnado.

Partindo de que o 100% do alumnado atópase en situación de conectividade, a nosa metodoloxía basearase na realización de secuencias de actividades, dentro dunha escala de progresión, que permita chegar ó alumnado a esa fase de demostración da comprensión a través da súa actuación (deste xeito tamén desenvolven as competencias). Temos que priorizar a coordinación entre docentes e estudantes para deseñar:

- tipos de tarefas
- número de tarefas
- tempo previsto para cada tarefa, saber **SECUENCIAR**
- tarefas **AUTÉNTICAS**: ademais das traballadas no ámbito escolar, poderemos crear tarefas continuas, é dicir, que van máis alá do contexto educativo
- analizar as tarefas para aprender da propia práctica mediante cuestionarios, ...

Así evitaremos a fatiga, o aburrimiento e en definitiva o abandono.

Empregaremos tarefas **INDIVIDUAIS e GRUPAIS**, aportando unhas instrucións claras e precisas mediante guías e pautas complementarias.

O traballo en grupo é clave para a **AUTONOMÍA**, por iso debemos introducir as estratexias de **COLABORACIÓN**. Todo elo, permitirá unha **AUTORREGULACIÓN DA APRENDIZAXE E DA AUTONOMÍA DO ALUMNADO**.

- **INSTRUMENTOS, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Todos os procedementos, instrumentos e recursos corresponden ós estándares de aprendizaxe e son os seguintes:

- Observación e control sistemático do traballo do alumno: regularidade no envío de tarefas dentro do prazo establecido.
- Análise das producións escritas mediante exercicios de gramática, de asociación, fichas de léxico, probas escritas (descricións, redaccións), documentos reais, crebacabezas, sopas de letras, debuxos, mapas, imaxes, textos de internet.
- Análise da comprensión oral e escrita mediante textos, documentos, cancións, audios, preguntas, exercicios audio-visuais.
- Análise da produción oral: exercicios orais, vídeos, gravacións

Ademais, non esquezamos que non temos un só tipo de estudante de aí unha gran variedade atendendo ás súas necesidades:

- Mini-leccións
- Demostracións prácticas (gravacións,...)
- Diálogo cos estudantes (vídeo conferencias, cuestionarios,...).

Non esquecer todos os materiais e recursos comentados en modalidade presencial que poden servir tanto de apoio coma de reforzo (manuais didácticos propios de cada curso así coma o caderno de exercicios,...).

Para aquel **ALUMNADO con NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS** que pode atopar unha maior dificultade neste ensino dixital, o mellor sería establecer canles de comunicación estables coas familias, asegurar o acceso e a dispoñibilidade de recursos adaptados así como sesións virtuais e pequenas clases de reforzo en grupo para evitar a súa exclusión nesta modalidade de ensino.

Todo este traballo telemático realizarase a través das distintas plataformas comentadas anteriormente (aula virtual, cisco webex, correo electrónico,...).

Non esquecer que, todas estas canles así como o espazo abalar, a vía telefónica e a comunicación constante cos titores e o equipo directivo, permitirán resolver dúbidas e manter o contacto co alumnado e a súa familia.

7. AVALIACIÓNS

7.1 Avaliación inicial

- Permite coñecer cal é a situación de partida do alumnado e comezar dende o principio cunha actuación axustada ás necesidades, intereses e posibilidades do mesmo, reforzando, de ser o caso, os elementos curriculares.
- Realizarase ó principio do curso, para orientar sobre a programación, metodoloxía a utilizar, organización da aula, actitudes a desenvolver... En concreto : realizarase na(s) primeira(s) semana(s) do curso (mes de setembro); posto que salvo en 4º E.S.O e en 2º BAC que teñen 3 sesións, o resto dos grupos só teñen 2 sesións semanais.
- Os procedementos utilizados son os seguintes:
 - Análise dos informes do curso anterior.
 - Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa e emocional que permita tomar as decisións profesionais de actuación co fin de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino e aprendizaxe en calquera dos posibles escenarios (presencial, non-presencial) e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.
 - Consistirá na realización de distintas tarefas que permitirá avaliar as catro competencias (comprensión oral e escrita e produción oral e escrita) para detectar o punto de partida do ensino e a metodoloxía do novo curso.
- As diferentes técnicas, tamén nos permiten establecer a situación e dinámica do grupo de clase no seu conxunto e a de cada alumno individualmente. En 1º da ESO tentaremos identificar os FAUX DÉBUTANTS (alumnado con algún coñecemento da lingua estranxeira, xa que cursaron a materia nalgún curso de primaria) e os DÉBUTANTS (alumnado con ningún coñecemento da lingua estranxeira), por iso as primeiras sesións servirán de toma de contacto coa lingua estranxeira para este alumnado.

- Así mesmo, esta avaliación é fundamental para identificar as necesidades do alumnado que se incorpora a un novo ciclo, e deste xeito poder valorar, xunto co Departamento de Orientación, as exencións na materia (exceptuando aqueles casos nos que a exención xa ven proposta dado o seu diagnóstico).
- E non esquezamos que esta avaliación permite, non só a aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorecen o desenvolvemento do alumno, senón tamén, tarefas que requiren da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto - aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras, lembrando ademais, o emprego dunha metodoloxía didáctica e de recursos que permitan o deseño de actividades educativas que se poidan desenvolver de forma presencial e, de ser o caso, non presencial, ademais de ter un carácter práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

7.2 Avaliación continua

- Valora o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe ó longo do mesmo, polo tanto terá lugar ó longo de todo o curso.
- Orienta as diferentes modificacións que se deben realizar sobre a marcha en función da evolución do alumnado e do grupo, e das distintas necesidades que xurdan (actividades de reforzo, ...)
- Ten en conta a incidencia da acción docente, a través de:
 - Actividades orais: diálogos entre compañeiros, diálogos co profesor, audios, vídeos ...
 - Actividades escritas exercicios estruturais e de sistematización, cuestionario sobre lecturas, redacción de diferentes documentos...
 - Actividades individuais ou en grupo: tales como a realización de proxectos.
 - Probas obxectivas orais e escritas, realizadas puntualmente, do mesmo tipo cas levadas a cabo no desenvolvemento das clases.
 - Subliñar que sempre observaremos o comportamento do alumnado: participación, interese, respecto cara os compañeiros, tolerancia á hora de realización de tarefas en grupo...

EN CADA TRIMESTRE a cualificación global da materia será o resultado da suma de tódolos instrumentos de avaliación establecidos (Ver Apartado CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para cada curso).

7.3 Avaliación final e avaliación extraordinaria

(VER CRITERIOS DE AVALIACIÓN CORRESPONDENTES A CADA ETAPA E CURSO)

Temporalización

ESO:

- 3º AVALIACIÓN (antes do 6 de Xuño)
- AVALIACIÓN FINAL (antes do 22 de Xuño)

BACHARELATO:

1º CURSO:

- AVALIACIÓN FINAL (antes do 6 de Xuño)
- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (antes do 22 de Xuño)

2º CURSO:

- AVALIACIÓN FINAL (Maio dependendo das ABAU)
- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (o centro fará un calendario de exames para o mes de Xuño)

7.4 Seguimento e avaliación da materia pendente

O alumnado coa materia de Francés pendente será avaliado polo Departamento de Francés. O Departamento, por mediación do seu Xefe, repartirá ó alumnado coa materia pendente por cursos e profesor, de xeito que a tarefa de avaliar sexa competencia de todo o Departamento.

Para o seguimento da materia pendente, contarase con tarefas específicas deseñadas polo Departamento que **SERVIRÁN DE GUÍA E DE REPASO**, pero **NON TERÁN CUALIFICACIÓN**, xa que a maioría das veces non as fai o alumno ou simplemente están copiadas doutras. Estas tarefas entregaranse ó alumnado, de maneira presencial ou colgaranse na aula virtual mensualmente (segundo o ritmo xeral do curso e o traballo e motivación mostrados polo alumnado) e consistirán en exercicios gramaticais, redaccións, vocabulario, exercicios de internet, audicións, ... similares ós que se traballan no curso correspondente, facendo que se axusten ós mínimos esixibles previstos na programación para o dito curso. Para a realización destas tarefas, o alumnado contará coa axuda do profesor encargado da súa avaliación para resolve-las dúbidas que teña fóra do seu horario lectivo.

O alumnado será avaliado da materia pendente nas datas sinaladas, tendo varias oportunidades para poder superala: un exame en maio e outro en xuño. A cualificación positiva no exame comportará un 100% da nota final e quedará repartida deste xeito:

- o Comprensión oral 25%
- o Comprensión escrita 25%
- o Producción oral 25%
- o Producción escrita 25%

SITUACIÓNS ALUMNADO DA E.S.O

- **Alumnado que teña a materia pendente e que actualmente non a curse:**

- o TEN DEREITO A DÚAS POSIBILIDADES (en Maio e en Xuño)

- **Alumnado que neste ano escolar curse a materia e que a teña pendente dos anos anteriores:**

- o Presentarase á PROBA DE MAIO
 - Si supera positivamente á proba xa lle queda recuperada a materia pendente.
 - Si non supera a proba pero obtén unha cualificación positiva no curso actual, recuperará automaticamente a materia pendente (xa que estamos a falar de contidos progresivos).
- o Si non se presenta á PROBA DE MAIO
 - Estaría arriscando moito xa que ó ser unha avaliación continua ata finais de Xuño non coñecerá a cualificación do curso actual; e no caso de ser negativa tería dúas materias que recuperar en Xuño.

SITUACIÓN ALUMNADO BACHARELATO

No que respecta ó alumnado de 2º Bacharelato, estes alumnos teñen que ter cursada a materia de Segunda Lingua estranxeira I no curso anterior, se lles dará (de maneira presencial ou virtual) mensual ou semanalmente durante a 1ª e 2ª avaliación, material para que poidan recuperala. Os resultados obtidos da corrección destas tarefas serán suficientes para acreditar si o alumno supera ou non a materia, sen necesidade de facer probas puntuais que coincidan cos períodos de avaliación ordinaria. En ningún caso, si cursan a materia actualmente, poderán superar a de 1º sen ter unha cualificación positiva nas tarefas proporcionadas correspondentes ós contidos dese curso.

8. INDICADORES DE LOGRO

8.1 O proceso de ensino

Para cada alumno e para cada estándar, tomando como referencia o grao mínimo de consecución esixible para cada estándar, establecerase a seguinte táboa :

@ ALUMN@:		PROPOSTAS DE ACTUACIÓN	
ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Acada o grao mínimo sen dificultades e mesmo o amplía	
		Acada o grao mínimo, aínda que ás veces con algunha dificultade	
		Acada o grao mínimo pero con moitas dificultades	
		Non acada o grao mínimo	

8.2 A práctica docente

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
O DOCENTE :		

1. Realiza a avaliación inicial ó comezo do ano escolar para axustar a programación ó nivel do alumnado		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade		
3. Resume os contidos fundamentais vistos antes de pasar a un contido novo		
4. Cando se introducen novos contidos, relaciónaos se é posible cos xa coñecidos		
5. Está predisposto a aclarar dúbidas e ofrece consellos dentro e fóra da clase		
6. Mellora o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade		
7. Utiliza axuda das novas tecnoloxías (audiovisuais, Internet...)para apoiar a explicación de contidos		

8. Revisa con frecuencia os traballos propostos, en clase e fóra da clase		
9. Proporciona a información necesaria para a resolución de tarefas e cómo melloralas		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, nivel do alumnado...		
11. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación		
12. Propón novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes son suficientemente acadados		
13. Propón novas actividades dun nivel máis alto cando os obxectivos son suficientemente acadados		
14. Anima o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes		

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS DE ATENCIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN
DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN	Non ten ningunha dificultade para comprender os contidos	Seleccionar contidos con un grao máis alto de dificultade	
	Comprende os contidos, aínda que ás veces con dificultade.	Seleccionar contidos máis significativos con respecto á súa realidade	
	Ten dificultados para comprender os contidos propostos	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
DIVERSIDADE NA FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Non ten dificultades	Reforzalos a través de actividades que lles permitan pór en práctica as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades	Propor tarefas nas que a dificultade sexa progresiva en función das capacidades que van ser adquiridas.	
	Ten dificultades	Seleccionar tarefas en función das capacidades do alumnado que lles permitan acadar os contidos mínimos esixibles.	
DIVERSIDADE NO INTERESE E A MOTIVACION	Amosa interese e motivación	Continuar reforzando o interese e a motivación.	
	O seu interese e a súa motivación non destacan	Animar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non amosa interese nin motivación	Animar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais e próximas da súa realidade.	

DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Atopa solucións ós problemas que xorden en tódalas situacións	Continuar promovendo esta capacidade.	
	Atopa solucións ós problemas que xorden nalgunhas situacións	Propor problemas cada vez máis difíciles	
	Ten dificultades para atopar solución ós problemas que xorden	Propor problemas en función das súas capacidades para desenvolvelas.	
DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN	Exprésase con claridade e corrección tanto no escrito coma no oral	Propor tarefas que continúen a perfeccionar a expresión oral e escrita.	
	Ten algunhas poucas dificultades para expresarse no escrito e no oral	Propor algunhas tarefas e debates para que o alumnado os empregue para mellorar a expresión oral e escrita.	
	Ten moitas dificultades para expresarse no escrito e no oral	Propor actividades adaptadas ó seu nivel para que o alumnado acade os instrumentos necesarios e poida mellorar	

10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Comprensión lectora Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none">▪ Na materia de Francés forman parte da programación no senso de que son Bloques específicos. Trabállanse en tódolos contidos do currículo
Comunicación audiovisual Uso das TIC	<ul style="list-style-type: none">▪ Forman parte da metodoloxía na aula, mixta ou online.▪ Temos acceso aula de informática para traballar cos alumnos (atendendo ó protocolo COVID)
Emprendemento	<ul style="list-style-type: none">▪ Actividades ó final de cada unidade que contribúen ó desenvolvemento do razoamento crítico a partir da observación e a análise da información.▪ Traballos en equipo ou por parellas.
Educación Constitucional e Cívica	<ul style="list-style-type: none">▪ A negociación na aula presencial ou virtualmente.▪ Expresión de opinións persoais.▪ Respecto polas opinións e intervencións dos outros.
Educación para a saúde	<ul style="list-style-type: none">▪ Vida sa: deportes e afeccións, viaxes (formadores da personalidade). Temas específicos en tódolos libros de texto (alimentación, gastronomía,...)
Educación para a paz	<ul style="list-style-type: none">▪ Busca da información de outro tipo de culturas e interese por outras formas de vida.▪ Busca de situacións inxustas de desigualdade no ambiente que lles rodea e proposta de posibles solucións.
Educación non sexista	<ul style="list-style-type: none">▪ A través do acercamento ó mundo da lectura, cómics, cine e publicidade, analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRASCOLARES

A situación provocada pola pandemia, o protocolo a seguir (distanciamento social, número permitido de asistentes dependendo dos espazos abertos ou pechados, as diferentes restricións que cambian dependendo das circunstancias ,) fixo que este tipo de actividades desaparezan ou se cheguen a realizar na medida do posible e dentro das normas establecidas. Tamén é necesario dicir, que, concretamente, nesta materia en certas clases o número de alumnos (repartidos por ser unha optativa) permite adaptar sen problema moitas delas e outras tales coma proxeccións na aula de filmes e demais, realizaríanse sen problema.

ACTIVIDADE Actividades propias da área de francés:	OBXECTIVOS	GRUPOS Nº de alumnos	TEMPORALIZACIÓN
-Proxeccións de filmes, documentais, vídeos,... relacionados coa cultura e a lingua estranxeira.	-Identificar e coñecer a lingua e a cultura da francofonía.	-Todos os grupos.	-Ó longo do curso
-Elaboración ou degustación virtual de produtos propios da francofonía (queixos, crêpes,) et xornadas gastronómicas.	-Coñecer a gastronomía e os costumes. - Achegarnos ó resto de alumnado e profesorado e demais membros da comunidade educativa a través da gastronomía do Mundo Francófono.	-Todos os grupos.	-Nas unidades onde se traballan estes contidos.
-Conmemoración de celebracións e festas da comunidade francófonas: La Toussaint, Noël, La Chandeleur, ...	- Achegar e coñecer a cultura da lingua estranxeira.	-Todos os grupos.	-Datas específicas

-Correspondencia vía correo, e-mail, vídeos conferencias con centros francófonos asociados.	-Comunicar na lingua estranxeira mediante as novas tecnoloxías.	-4º E.S.O -1º e 2ºBAC	-Ó longo do curso.
-Asistencia a representacións culturais de todo tipo (teatro, filmes, concertos,...) relacionados coa lingua estranxeira dentro da medida do posibles e se a pandemia e o protocolo da COVID o permite.	-Comprender e coñecer tanto a lingua como a súa cultura e os seus costumes.	-Todos os grupos segundo as características da representación	-Ó longo do curso.
-Conmemoracións: dedicar un tempo á análise e á comparanza intercultural, realizando actividades normais da clase que traten problemáticas globais: -Día dos dereitos do neno e da nena, día internacional das persoas con discapacidades, da Constitución española, dos dereitos humanos, día escolar da non-violencia e da paz, internacional da muller traballadora, para a eliminación da discriminación racial, mundial da saúde, de Europa, mundial do medio ambiente,	- Informar, motivar á reflexión e espertar a solidariedade arredor das problemáticas de interese xeral.	-Todos os grupos	- Datas específicas.
Colaboración en proxectos de centro:			

Plan Lector: empregar textos escritos na lingua estranxeira nalgunhas das sesións dedicadas á “hora de ler.”	-Fomentar a lectura, a comprensión ea produción tanto na lingua estranxeira coma nas linguas maternas.	- Todos os cursos.	- Ó longo do curso.
-Actividades feitas pola biblioteca nas diferentes conmemoracións coa participación dos alumnos/as de francés na realización de exposicións, xogos,... etc - 20 de Marzo: Celebración da Lingua Francesa	-Colaborar para dinamizar a Biblioteca e informar sobre a temática propia das diferentes conmemoracións.	-Todos os cursos	-Datas específicas
Proxecto interdisciplinario: -colaborar ou coordinar diferentes actividades entre as distintas áreas	-Achegarnos ó resto dos departamentos e alumnado e viceversa. -Traballar contidos relacionando as distintas áreas.	- Todos os grupos	- Ó longo do curso

12. MECANISMOS DE CONTROL E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

O procedemento para realizar o seguimento da PROGRAMACIÓN farase coincidir coas SESIÓNS DE AVALIACIÓN nas que se considerarán entre outros os seguintes aspectos:

- Sesión de Avaliación Inicial: nesta sesión, logo da valoración realizada, estudarase si a planificación prevista é a axeitada en canto a:
 - Se o alumnado posúe os coñecementos previos necesarios para abordar esta concreción curricular e, senón, as medidas a adoptar.
 - Os contidos a desenvolver, a secuenciación dos mesmos e a organización temporal prevista.

- Se as estratexias metodolóxicas e o tipo de actividades previstas son as máis axeitadas para este grupo.
- Sesións da Primeira e Segunda Avaliación.: nestas sesións de avaliación analizarase o desenvolvemento da concreción curricular valorando os seguintes aspectos :
 - Se o alumnado vai adquirindo os coñecementos e competencias previstas.
 - Se a organización temporal da mesma está sendo axeitada.
 - Se as estratexias metodolóxicas desenvolvidas son as máis axeitadas.
 - Balance xeral e propostas de mellora.
- Sesión da Avaliación Final: nesta sesión realizarase unha avaliación do desenvolvemento da concreción curricular facendo un maior fincapé nos seguintes aspectos :
 - Grao no que se desenvolveu a concreción curricular
 - Valoración dos resultados académicos, é dicir, en qué grao se acadaron os aprendizaxes e competencias básicas previstos no alumnado.
 - En qué medida funcionaron as propostas de mellora introducidas nas anteriores sesións de avaliación (no caso de que se fixesen).
 - Análise xeral: valoración do acadado, análise das posibles causas das dificultades atopadas, propostas de mellora e/o revisión dalgúns aspectos da concreción curricular.

Todo isto, quedará reflectido nas actas do Departamento de maneira mensual, así como na memoria de final de curso.

En O Carballiño, a 25 de Setembro de 2022

Asdo: Hortensia Nores Barreiro
(Xefa do Departamento de Francés)